



RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE CONVERSA COA FINALIDADE DE MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO EN LINGUAS ESTRANXEIRAS

Por Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 16 de decembro de 2016, publicada no DOG do 4 de xaneiro de 2017, regúlase o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras.

Igualmente, de acordo coa ORDE do 26 de maio de 2017, publicada o 6 de xuño amplíase a dotación orzamentaria da Orde do 16 de decembro de 2016 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras.

Unha vez rematada a valoración das solicitudes pola Comisión de valoración, de conformidade co establecido no artigo 9 da devandita orde,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar no portal educativo www.edu.xunta.es a resolución provisional dos centros beneficiarios das axudas coa cantidade asignada a cada centro educativo, así como os centros que non acadan a axuda e os centros excluídos. Figuran todos nos anexos.

Segundo. Contra esta resolución poderán formular alegacións e achegar os documentos que se consideren no prazo de 10 días naturais, a partir do día de publicación desta resolución provisional no portal educativo.

Santiago de Compostela, a 6 de xuño de 2017

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



Manuel Corredoira López

NOTA: Para unha maior axilidade na xestión, cómpre adintar as posibles alegacións por correo electrónico, ao enderezo centrosplurilingues@edu.xunta.es. Non obstante, é preciso entregar a reclamación igualmente por rexistro.